

MATERIA

Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos

TITULACIÓN

Grao en Mestre/a de Educación Primaria

unidade  
didáctica  
**2.3**

# Santiago de Compostela: laboratorio de experimentación

**Olalla Cortizas Varela**

Área de Didáctica da expresión Plástica  
Departamento de Didácticas Aplicadas  
Facultade de Ciencias da Educación

**unidadesdidácticas**  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155009>

**MATERIA:** Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos

**TITULACIÓN:** Grao en Mestre/a de Educación Primaria

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **BLOQUE 1: A IDENTIDADE: EU AGORA E COMO FUTURO DOCENTE**

**1.1. Autorretrato: Eu e a educación artística**

**1.2. Premisas educativas. Presentacións-acción**

**1.3. Autorretrato colectivo: Que necesitas para ser o docente de arte que queres ser?**

### **BLOQUE 2. O CONTEXTO: EU EN RELACIÓN CO CONTEXTO**

**2.1. Espazo expositivo-espazo educativo**

**2.2. Espazo educativo- Espazo imaxinado: unha proposta de reforma**

**2.3. Santiago de Compostela: laboratorio de experimentación**

### **BLOQUE 3. A CONTORNA: EU EN RELACIÓN COA CONTORNA NATURAL**

**3.1. Exposición escondida. Exposición para ollos expertos**

**3.2. Caderno de viaxe**

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### COMPETENCIAS

Competencias básicas e xerais

Competencias específicas

### OBXECTIVOS

### CONTIDOS

A capacidade simbólica dos espazos. Pedagogías invisibles.

A mirada sensible. Estratexias artísticas para re-descubrir o cotián.

As representacións visuais da cidade. A capacidade narrativa dos microrrelatos sobre o contexto inmediato e sobre o local.

Os museos portátiles, kits educativos e revistas ensambladas.

A participación colectiva no espazo urbano. A conexión coa futura práctica docente.

### METODOLOXÍA

Decisións metodolóxicas

Secuencia

Duración estimada e agrupamentos

Actividades de ensino-aprendizaxe

Actividades introdutorias

Traballo titorizado

Obradoiros e talleres de experimentación

Debates

Presentacións-acción ante o grupo

Presentación expositiva ante o grupo

Exposicións artística de traballos

Práctica de campo

*Diario audiovisual- Caderno de artista- Postaleiro-Museo-instalación*

Recurso didáctico

### AVALIACIÓN

Recomendacións de cara á avaliación

Convocatoria de xullo

Alumnado con exención oficial de docencia ou dispensa de asistencia:

### BIBLIOGRAFÍA

Xeral

Específica da unidade didáctica

## PRESENTACIÓN

---

A unidade didáctica «Santiago de Compostela: laboratorio de experimentación» pertence ao segundo bloque de contidos da materia Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos, do Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Esta proposta educativa vai dirixida, polo tanto, ao alumnado de 2º curso e primeiro semestre desta titulación.

A arquitectura xeral na que se organiza a materia Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos define tres núcleos de contidos. A proposta aquí presentada pertence ao bloque central, o Bloque 2: O contexto: Eu en relación co centro educativo e coa cidade. As accións educativas deseñadas para este bloque conectan co contexto inmediato do alumnado e succédense interconectadas nunha secuencia flexible e coherente que continúa a traxectoria iniciada no primeiro bloque (A identidade), retroalimentando continuamente esa simbiose (interior - exterior). Do contexto da aula e do centro, escenarios das primeiras accións do Bloque 2, pásase ao contexto da cidade e será este o espazo protagonista e proposto para a investigación, a reflexión e a creación desta última proposta. Santiago de Compostela: laboratorio de experimentación, supón a última acción educativa deseñada para este bloque e pretendidamente creará lazos de conexión co Bloque 3. A contorna: Eu en relación coa contorna natural próxima.

A duración estimada é de 4 semanas contemplando tanto as clases expositivas como as interactivas, será a unidade didáctica á que se dedicará máis tempo de clase presencial dentro da materia.

## COMPETENCIAS

---

A materia *Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos artísticos* contribúe á adquisición de certas competencias necesarias no futuro desempeño laboral dos mestres e mestras de Educación Primaria tal e como recolle a Memoria Verificada do Título. A seguir, preséntanse a relación das competencias que serán traballadas especificamente nesta unidade didáctica:

### Competencias básicas e xerais

- **G7** - Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa.
- **G10** - Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes.
- **CB2** - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias

- que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- **CB3** - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.

### Competencias específicas

- **E57** - Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes

### OBXECTIVOS

---

Tal e como recolle o programa da materia do curso 2020-2021, a finalidade educativa da materia é proporcionar as claves necesarias para vivir un modelo de Formación de Profesorado baseado en Proxectos-Proceso de Aprendizaxe, desde unha concepción artística da educación e desde un concepto concreto de Educación Artística (Agra, Eisner, Gardner).

Son **obxectivos** xerais da materia:

- Establecer vínculos e interese pola Arte Contemporánea.
- Valorar o papel da Arte na Educación e na vida.
- Diseñar e reconsiderar as prácticas docentes en Educación Primaria.

Concretamente no que concirne á proposta educativa a seguir, *Santiago de Compostela: laboratorio de experimentación*, a cidade De Santiago de Compostela preséntase como espazo de reflexión e laboratorio de experimentación. Trátase con este proxecto (e as súas accións vinculadas), de conceder valor ao microrrelato fronte ao estereotipo na construción da identidade dunha cidade a partir de posibilitar achegamentos ao espazo urbano baseados nos modos de coñecemento artístico.

Os **obxectivos** da Unidade Didáctica poden precisarse en:

- Entender a cidade como espazo de reflexión e experimentación artística.
- Achegarse ao espazo urbano a través dos modos de coñecemento artístico.
- Reconsiderar a futura práctica docente en torno ao espazo urbano a partir de vivenciar como alumno un proceso-proxecto de aprendizaxe neste contexto.

### CONTIDOS

---

A seguinte relación de contidos non pretende ser pechada nin lineal. Coherentemente coas premisas metodolóxicas recollidas no seguinte apartado que defenden a aula/cidade como espazo posibilitador de aprendizaxes colectivas, colaborativas

e rizomáticas en comunidade, o percorrido debuxado dará lugar á interrelación constante entre os distintos contidos e permitirá definilos colectivamente e dar cabida a outros novos. Os contidos non son estancos e fúndense cos modos de actuar (QUE-COMO), por iso, logo de enuncialos, concrétese e xustifícase o seu sentido e integración na unidade didáctica.

De acordo cos obxectivos, a contorna construída e próxima do alumnado presentarase coma o marco educativo idóneo para intervir e comprender dende a práctica artística os seus modos particulares de coñecemento: perceptivo- productivo- crítico- cultural (Eisner, 2012). Nesta unidade didáctica, procurarase un equilibrio que teña en conta os diferentes campos de aprendizaxe artística, o que non quere dicir que algún dos contidos poida enfocarse dun xeito máis específico nalgún deles, pero sempre prevalecerá a harmonía xeral.

Nesta unidade didáctica, a protagonista será a cidade de Santiago de Compostela. Este espazo compartido propónse como espazo educativo de descuberta, de reflexión crítica e tamén de transformación e creación que precisa dunha comprensión profunda e complexa. Será a partir desa reflexión que indagaremos artisticamente en cinco ideas-eixo:

### **A capacidade simbólica dos espazos. Pedagogías invisibles**

*Que conta a cidade? Que ensina? Como está a condicionar as relacións que mantemos con ela e entre nós? Que vemos? Que non? Que facemos? Como? Por que?*

Supón a segunda oportunidade dentro deste bloque (a Facultade de Ciencias de Educación foi a primeira) para reflexionar sobre a capacidade simbólica dos espazos e o noso xeito de relacionarnos con eles para descubrir a necesidade urxente de aprender a escoitar o que eles contan. Buscarase a observación e reflexión crítica do alumnado, futuro docente, sobre o espazo común da cidade e sobre a aprendizaxe invisible que nela ten lugar.

Os modos de coñecemento artístico e a linguaxe visual (artística) serán contidos fundamentais a partir dos cales re-descubrir a cidade e o seu patrimonio material e inmaterial: A configuración do espazo da cidade (formas, cores, luz, texturas...), a organización do espazo da cidade (composicións e estratexias retóricas), os elementos visuais e as súas tipoloxías, contexto socio-cultural, relacións espazo-temporais...

### **A mirada sensible. Estratexias artísticas para re-descubrir o cotián**

*Podemos aproximarnos á cidade doutro xeito para entendela na súa complexidade?*

Calquera das accións previstas esixen un cambio na forma de achegarse ao espazo e entendelo como laboratorio vivo de experimentación.

Serán fundamentais, polo tanto: As achegas a prácticas artísticas que faciliten o descubrimento e o encontro co inesperado, a experiencia estética como forma de conexión co lugar, o paseo e a deriva como práctica estética de achegamento ao real, así como o coñecemento de estratexias para activar a mirada sensible: des-

automatizacións, limitación de sentidos, mirada detida, o xogo, o azar e a intuición como métodos de exploración...

### **As representacións visuais da cidade. A capacidade narrativa dos microrrelatos sobre o contexto inmediato e sobre o local**

*Cal é a cidade que amosa a arte? A cidade como motivo, como escenario, como pano de fondo, como material, como activo...?*

Proponse unha unidade didáctica que busca mirar a cidade de xeito persoal para tratar de fuxir daquelas solucións máis evidentes e estereotipadas que conforman o seu imaxinario. Por iso faise necesario neste punto a confrontación das representacións visuais da cidade nas imaxes de carácter artístico e de exercicio libre por parte das súas autoras e autores, con aquelas representacións visuais comerciais (na publicidade, na promoción turística...), informativas e simbólicas (sinais de tráfico, mapas, corporativa...) ou con certo carácter didáctico (libro infantil, xoguete didáctico, libro de texto...).

### **Os museos portátiles, kits educativos e revistas ensambladas**

*Cal é a miña proposta de itinerario, de acción...? Que cidade quero amosar? Que propostas artísticas conectan cos meus intereses?*

Nesta unidade didáctica será necesario situarse á marxe do discurso típico e tópico da guía turística. O kit solicitado funcionará como un conxunto portátil de pezas ou instrumentos con interese artístico e ao mesmo tempo con potencialidade didáctica para achegarse dun xeito diferente e sensible ao contexto urbano inmediato. Deste xeito, a aproximación a propostas artísticas de natureza portátil e obxectual coma os Museos portátiles, os kits educativos ou as revistas ensambladas contemporáneas recóllense como referencias necesarias e estimulantes para a propia creación. Para ocuparse do deseño e creación do kit, será preciso deterse nas relacións contedor-contido, na organización, na composición e nas calidades dos elementos (o coidado estético, a súa poética, as posibilidades performativas e de acción, o diálogo co espazo, a capacidade de sorprender, de ironizar...)

### **A participación colectiva no espazo urbano. A conexión coa futura práctica docente**

Será de grande interese a procura de información sobre obras e prácticas artísticas comunitarias, proxectos colaborativos e participativos no contexto urbano, pois axudarán a contextualizar, normalizar e potenciar este tipo de prácticas comprometidas coa mellora do espazo urbano. No ámbito da aula será importante a cooperación e o compromiso co grupo, entendido como colectivo. O interese e disposición por compartir cada descuberta será fundamental en todas as etapas do proceso. As presentacións-acción ante o alumnado da materia e os conseguintes debates sobre as posibilidades educativas que ten cada kit deseñado para a Educación Primaria serán un exercicio nutritivo para o colectivo. Esta exposición pública e a



consecuente activación, de ser posible, ofrecerase tamén como unha vía lóxica para dar visibilidade ás propostas e incluso establecer unha ponte directa co tecido social (oficinas turísticas, colexios...).

Con maior ou menor peso, será común a tódolos contidos vinculados a esta unidade didáctica a achega de artistas e obras nas que se evidencie unha relación co espazo público, coa cidade, o cotián, o patrimonio histórico, con problemáticas e preocupacións que son comúns ás do alumnado. Poñer en paralelo as súas prácticas de investigación artística promóvese como un xeito de empatizar coas formas de facer dos e das artistas e comprender o proceso creativo na súa complexidade e dende unha experiencia persoal.

Criterios xerais de escolla:

A gran contribución que a educación artística pode ter na solución de problemas sociais e culturais do mundo contemporáneo é algo no que diferentes documentos e organismos internacionais de importante valor para a educación teñen reparado, (como é o caso da *Agenda de Seúl. Objetivos para el desarrollo de la educación artística*, UNESCO, Segunda Conferencia Mundial sobre la Educación Artística). Dentro dos seus programas, enténdese como unha acción prioritaria recoñecer a importante función do contexto específico do alumnado (contextos culturais locais) e ofrecer prácticas pedagóxicas que teñan en conta ese contexto e sexan respectuosas coa diversidade e a diferenza. A educación artística destácase como estratexia para fortalecer a capacidade de creación e innovación da sociedade e promover unha nova xeración de cidadáns creativos.

Así mesmo, nos contidos que recolle o currículo da educación primaria para a área de Educación Artística (Educación Plástica) na Comunidade Autónoma de Galicia (establecidos no DECRETO 105/2014 do 4 de setembro) atópanse tamén referencias que xustifican unha mirada detida aos contidos traballados nesta unidade didáctica:

- Observación de elementos plásticos do contorno artificial.
- Indagación e apreciación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contorno próximo.
- Descrición de imaxes presentes no contexto próximo
- Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno.
- Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.
- Observación de diferentes maneiras de representar o espazo.
- Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos.
- Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto.
- Descrición verbal de sensacións e observacións.
- Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas.
- Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto.

## METODOLOXÍA

---

A materia *Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos*, continúa os bloques temáticos iniciados na materia de segundo curso *EVP I: Contextos e Metodoloxía Artística* e afonda neles a través de Proxectos-Proceso de aprendizaxe.

Nesta UD traballarase, polo tanto, por proxectos.

A materia, tal e como recolle no seu programa, desde unha concepción artística da educación e desde un concepto concreto de Educación Artística, parte dos presupostos teóricos de M. J. Agra, E. Eisner e H. Gardner para percorrer aqueles lugares nos que a creación artística, a educación e a vida, se moven (identidade - contexto- contorna). Estes tres núcleos de contidos favorecen as conexións con outras disciplinas ao mesmo tempo que o coñecemento artístico desprega todo o seu potencial específico respectando as identidades e o contexto do que forman parte, favorecendo a integración e contextualización do coñecemento, entendendo polo tanto, a súa natureza complexa.

Nesta unidade didáctica a cidade de Santiago de Compostela, como contorno urbano, ofrécese como un espazo alternativo aos convencionais de investigación, reflexión, exposición ou de creación artística; un contedor e soporte espacial vivo onde o patrimonial e o social transfórmanse en fonte inesgotable para a investigación creativa. Trátase durante todo o bloque 2 de experimentar a capacidade da arte para comprender o mundo, desde os seus modos non discursivos de relacionarse con el. Ese encontro demanda do alumnado unha actitude aberta, sensible e tamén crítica, capaz de confiar no intuitivo, no azaroso e no incerto para achegarse ao real e descubrir o extraordinario no cotián.

### Decisións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica baséase nos modos de coñecemento artístico e extrae as súas estratexias de traballo fundamentais das características do proceso creativo dando lugar a estas premisas:

- Partirase do coñecemento e bagaxe do alumno ou alumna e da aprendizaxe por descubrimento.
- As propostas basearanse en proxectos-proceso de aprendizaxe artística que integran a teoría e a práctica.
- Perséguense formulacións abertas que posibiliten respostas diversas e persoais.
- Favorecerase estratexias de traballo que atendan tanto aos aspectos perceptivos, como produtivos, culturais e crítico-reflexivos.
- O proceso de ensino-aprendizaxe enténdese como unha forma de arte colaborativa, rizomática e plural.
- Utilizarase a creación de situacións como ambiente de aprendizaxe.

No desenvolvemento das diferentes accións educativas da unidade didáctica terase en conta:

- O emprego de distintos materiais, técnicas e procedementos artísticos coherentes e adecuados aos obxectivos.
- O uso de diferentes recursos (textos, vídeos...).
- A participación activa nas diferentes accións.
- A procura autónoma de fontes axeitadas (artistas, lecturas, vídeos, webs..).
- A presentación dos proxectos en diferentes soportes e, sempre que sexa posible, a exposición e reflexión sobre os mesmos no gran grupo.

### Secuencia

A secuencia que se propón como itinerario de partida non pretende ser lineal nin pechada. Tratarase de manter en todo momento un ambiente motivador e positivo co que estimular as iniciativas do alumnado arredor dos contidos e accións educativas da materia, favorecendo a incorporación de novos contidos relacionados e facilitando a axuda para poñer en marcha iniciativas en paralelo.

Na primeira semana aproximadamente, a partir dunha reflexión sobre a capacidade simbólica dos espazos e o que eles están a contar, dirixese o foco á cidade de Santiago de Compostela. Deséñase unha **deriva dirixida e lúdica pola cidade**, animando o alumnado a deter a atención en aspectos que até ese momento pasaban desapercibidos, coñecendo así novas estratexias para re-descubrir o cotián. Nun paso seguinte, no taller **Micronarrativas. Que contan os obxectos?**, confrontaranse as imaxes persoais resultantes da deriva inicial con outras imaxes (comerciais, oficiais, informativas, de carácter didáctico...) e establecerase un debate e reflexión colectiva sobre a capacidade das imaxes persoais/oficiais/comerciais para “debuxar” a identidade complexa dun lugar.

Na segunda semana, logo desta reflexión inicial e dunha aproximación a propostas artísticas centradas no contexto urbano, propónse a realización dun “**Kit alternativo de achegamento á cidade**” que o alumnado deberá converter nunha peza artística e ao mesmo tempo nunha ferramenta didáctica que permita un achegamento diferente á cidade de Santiago, unha mirada persoal (crítica, sorprendente, poética, irónica, curiosa, comprometida, do anecdótico ou do fundamental...). Este traballo será unha proposta en grupo (neste caso propónse para equipas dunhas 4 persoas, pero podería funcionar perfectamente de xeito individual ou co conxunto do grupo interactivo de ser necesario. Neste tempo revisaranse propostas artísticas vinculadas á idea de Kit (caixas, museos portátiles, revistas ensambladas contemporáneas...) e outras estratexias de traballo artístico que podan servir de referencia para o deseño e creación. Os grupos van organizándose.

Durante as dúas semanas seguintes (3ª e 4ª), en paralelo aos labores de deseño e seguimento, será necesaria unha investigación colectiva sobre a imaxe proxectada da cidade e as representacións asociadas ao turista. Os grupos terán total liberdade para deseñar os contedores e os elementos que formarán parte do seu kit, para intervalos, reformúlalos, construílos... O kit final estará composto por non máis de 10 elementos, dos cales un deberá ser unha serie fotográfica e outro un plano/guía da cidade cunha proposta de itinerario). Sexa cal sexa a relación do

alumnado coa cidade de Compostela (de nacemento e recordos infantís, de “luns a venres” ou de achegamento intermitente dende a periferia), tratarase de poñer en valor o microrrelato e potenciar a capacidade do grupo para amosar unha mirada poliédrica do contexto urbano inmediato, unha proposta á marxe do discurso típico e tópico da guía turística. Esta investigación, deseño e creación deberá acompañarse dunha pequena proposta didáctica de activación dos kits destinada a alumnado de E. Primaria.

Para concluír, na quinta semana, farase unha exposición na aula na que cada grupo compartirá mediante unha presentación-acción o seu kit e aproveitarase para reflexionar en colectivo sobre posibilidades de mellora e activación dos Kit antes da entrega final.

Se o alumnado da materia así o estima oportuno ofrecerase como unha vía lóxica para continuar o proxecto, a posibilidade de dar visibilidade ás propostas e establecer unha ponte directa co tecido social: oficinas turísticas, colexios. Para iso, o alumnado deberá dividirse en grupos de traballo e responsabilizarse dos aspectos vinculados á exposición (montaxe, redacción, deseño, rexistro audiovisual, prensa...).

### **Duración estimada e agrupamentos**

O duración estimada para esta unidade é 4 semanas e media, en total 9 sesións de 1,5 h. 5 das sesións serán en gran grupo (80-90 persoas por quenda) e as outras 4 en grupos máis reducidos de laboratorio (20-25 persoas). Ademais, cada grupo de traballo participará polo menos nunha titoría coa docente.

Ao igual que sucede no conxunto da materia, na unidade didáctica deseñada, a distribución horaria distingue unhas horas destinadas a clases expositivas (CLE) e outras a clases interactivas de laboratorio (CLIL), mais esta denominación procurárase que non sexa limitación para a combinación de diferentes estratexias de traballo nos diferentes agrupamentos, polo tanto as clases en “gran grupo” ou CLE (clases expositivas) non supoñerán necesariamente a aplicación dunha metodoloxía de clase maxistral.

### **Actividades de ensino-aprendizaxe**

Recóllense a continuación as principais estratexias de traballo que se seguirán nesta unidade didáctica, concretando aquelas actividades previstas.

### **Actividades introdutorias**

Accións encamiñadas á toma de contacto co grupo ou á presentación dun tema ou problema. Coincidirán nesta unidade coas clases expositivas (CLE)

Poden tomar o formato de performance colaborativa ou de creación de situacións, ás veces empréganse obxectos como detonantes e noutras ocasións séguese unha formulación de exposición teórica con apoio visual de imaxes ou vídeos

coas que enunciaron un tema ou as directrices para unha actividade a desenvolver. Nestas exposicións teóricas é habitual a chegada de referentes artísticos vinculados ás temáticas tratadas, mais non sempre sucede así. Noutras ocasións a exposición de referentes chega durante ou ao rematar o proceso creativo do alumnado e tamén con frecuencia, a busca recae no traballo autónomo individual ou do grupo de alumnas e alumnos. Teranse en conta actividades realizadas durante o Bloque 1.

- (Actividade previa do 1º bloque)-Presentacións audiovisuais que abordan a linguaxe visual e plástica . Composición no plano e no espazo.
- Presentación audiovisual. A Cidade: activando o filtro artístico. Linguaxe visual. (30')
- Presentación audiovisual. Arte e Cidade (30')
- Presentación do proxecto Kit. (60')
- Presentación audiovisual I (45') (a adaptar segundo necesidades) Referencias artísticas para o deseño e creación do Kit (caixas, museos portátiles, revistas ensambladas contemporáneas...) e outras estratexias de traballo artístico que podan servir de referencia)
- Presentación audiovisual II (45' (a adaptar segundo necesidades) Referencias artísticas para o deseño e creación do Kit (obras e prácticas artísticas comunitarias, proxectos colaborativos e participativos no contexto urbano...) e outras estratexias de traballo artístico que podan servir de referencia)

### Traballo titorizado

É un traballo que pode ser individual (persoas con dispensa) ou en grupo (como norma xeral para persoas sen dispensa). Nel o alumnado traballa de xeito autónomo. O alumnado vive todo un proceso creativo (e a estreita relación entre teoría e práctica artística) dende o seu inicio ata a exposición pública ante o grupo. Independentemente da natureza do traballo, sempre comprometerá unha busca de recursos e referencias en fontes diversas. Cando o traballo é en grupo, o equipo define ao comezo os roles que cada un tomará e a planificación de tarefas.

Este traballo realízase normalmente na aula baixo o apoio da docente e no tempo de estudo persoal. Así mesmo, o alumnado terá á súa disposición as titorías programadas para orientar ou solucionar dúbidas por parte do docente. Faranse reunións colectivas de seguimento, guía ou titorización, para que o grupo no seu conxunto poda tamén reflexionar e guiar os traballos en marcha.

- Deseño e creación dun “Kit alternativo de achegamento á cidade” (3 semanas, parte das expositivas e interactivas completas)

### Obradoiros e talleres de experimentación

Son propostas máis curtas, dunha sesión ou parte, onde o alumnado (de xeito individual ou en grupo) ten que resolver un problema gráfico-plástico ou conceptual preciso cunha limitación de tempo ou material. Son actividades dirixidas á adquisición

de coñecementos específicos, normalmente do campo produtivo. Son actividades que teñen lugar normalmente na aula con asesoramento por parte da docente nos que o alumnado rexistra fotograficamente as experimentacións para compartir logo cos compañeiros e compañeiras (aula virtual, debate final, rede social ou web). Teranse en conta actividades realizadas durante o Bloque I.

- (Actividade previa do 1º bloque). Talleres de experimentación co collage e ensamblaxe. (introdución ao traballo con obxectos. Poema obxecto).
- Taller (+Debate). Que contan os obxectos? O caso de Santiago a través das súa representación (deriva e outras imaxes). Achegamento a obxectos simbólicos: paraugas, mapa, xornal, torta de Santiago, postais, literatura infantil... (60')

### Debates

Son actividades destinadas á participación colectiva. Poden ser planificados e sistematizados ou máis informais. Empregarase dun xeito máis organizado ou estruturado con posterioridade ás saídas de estudo (Deriva pola cidade), tamén serán habituais para poñer en común ás reflexións críticas a partir da revisión dalgúns materiais (vídeos, lecturas ou outros recursos...). Poden complementarse cunha contribución escrita por parte do alumnado. Esta estratexia de posta menos estruturada, estimularase tamén nos talleres, nas reunións colectivas de seguimento e nas presentacións de traballos.

- (Taller) +Debate. Que contan os obxectos? O caso de Santiago a través das súas representacións (deriva e outras imaxes). Achegamento a obxectos simbólicos: paraugas, mapa, xornal, torta de Santiago, postais, literatura infantil... (30')

### Presentacións-acción ante o grupo

Son espazos e tempos de dedicados á compartir e visibilizar os traballos individuais ou de grupo. O que caracteriza este tipo de exposición é o seu formato de acción na que a exposición ou argumentación da persoa ou grupo que presenta sucede a partir da acción. O público pode converterse en activo. A formulación inicial de certas actividades xa contemplan este tipo de presentacións.

- Para a presentación ante o grupo-clase do “Kit alternativo de achegamento á cidade”, animarase aos grupos a certa activación do seu discurso por medio de estratexias de presentación-acción. Os foros poden albergar vídeos-presentación para que as exposicións sexan menos pesadas. O formato de presentación é algo a debater como colectivo. (90')

### Presentación expositiva ante o grupo

Dedicadas a compartir e visibilizar os traballos individuais ou de grupo ante a clase.

Estas actividades toman o formato teórico de presentación con apoio visual de imaxes ou vídeos. A través dunha breve exposición oral presentan os resultados dos seus proxectos, obxectivos, metodoloxías empregadas ante o grupo. Nestas exposicións de organización argumental sintetizan a relación recíproca da teoría e a práctica artística ao mesmo que verbalizan os seus pensamentos e conclusións.

- Presentación ante o grupo-clase do “Kit alternativo de achegamento á cidade”. Os foros poden albergar vídeos-presentación para que as exposicións sexan menos pesadas. O formato de presentación é algo a debater como colectivo. (90’)

### **Exposicións artística de traballos**

Dedicadas a compartir e visibilizar un proxecto normalmente colectivo coa comunidade. Son exposicións formuladas fóra da aula en formato artístico expositivo e planificadas polo grupo dividido en equipos de traballo (montaxe, rexistro, prensa escrita...). Esta actividade mantense como unha posibilidade á espera de como se desenvolva o proxecto e a súa aceptación.

- Exposición do “Kit alternativo de achegamento á cidade” nos espazos comúns da Facultade de Ciencias da Educación. Animarase especialmente ao alumnado a que adapte e faga itinerar esta exposición adaptándoa a un centro educativo de educación Primaria ou outro espazo externo.

### **Práctica de campo**

Son actividades que teñen lugar noutro contexto fóra da aula, normalmente son visitas a exposicións ou encontros con profesionais e habitualmente combínanse con algunha dinámica previa e posterior na aula. Prevese o desenvolvemento de unha práctica de campo no primeiro día de clase

- Visita Santiago a través dunha Deriva-Xogo (actividade previa á creación do Kit)

### *Diario audiovisual- Caderno de artista- Postaleiro-Museo-instalación*

Traballo individual e autónomo de longo percorrido que se entrega ao final do cuadrimestre e condensa a través da linguaxe artística e gráfica a aprendizaxe acadada de xeito procesual durante o curso desta materia. Non é unha recompilación dos traballos feitos nin un traballo específico desta unidade didáctica.

- Dalgún xeito, a aprendizaxe durante este bloque de contidos e nesta unidade didáctica deberá visibilizarse e atopar o seu lugar no caderno de artista a entregar ao final da materia. Non é un traballo que se vaia cualificar dentro desta unidade didáctica.

### Recurso didáctico

A plataforma virtual da USC emprégase como ferramenta de traballo complementaria e de apoio á docencia presencial e interactiva. Será un espazo máis de aprendizaxe, flexible e posibilitador de intercambios e comunicación entre o alumnado e tamén entre este e a docente. O emprego do correo electrónico da USC é imprescindible para a participación nesta plataforma. Algúns dos debates que teñen lugar na aula, estímúlanse previamente coa participación no campus virtual.

Este espazo virtual será de especial utilidade para o alumnado con dispensa ou exención. A través da aula virtual poderá seguir o curso xunto cas titorías individuais marcadas. Aínda que o alumnado de dispensa debe entregar os mesmos traballos que os alumnos/as que cursan a materia presencialmente, en ocasións esta plataforma facilitará a exposición pública dos seus traballos ante o grupo que asiste de xeito presencial.

- Será fundamental tamén participar activamente no foro que se cree para este bloque de contidos, así coma nos fíos vinculados

### AVALIACIÓN

---

A avaliación da materia é continua, formativa e cualitativa a través do deseño e posta en práctica dos proxectos realizados. Cada bloque temático terá a súa cualificación e a nota final será a media dos 3 bloques. Entregarase unha valoración-autoavaliación reflexiva ao finalizar cada un dos tres bloques que servirá tamén para avaliar e mellorar a programación deseñada pola docente. O caderno de viaxe (ou similar), será empregado como instrumento de formación e avaliación.

O Bloque 2 supón unha terceira parte da nota da materia (33 %) e consta de tres unidades didácticas. A presente UD terá un maior peso na cualificación: un 25 %

Para a avaliación desta unidade didáctica, teranse en conta:

1. Observación da participación na aula.

Avaliarase positivamente a actitude e a boa disposición para aprender e a participación con interese nas actividades realizadas na aula así como na plataforma virtual para obter a puntuación máxima global do apartado, un 2,5 %.

2. Acción previa: Deriva + Proxecto: Kit.

Cada proxecto inclúe diferentes accións e actividades e nelas valoraranse aspectos como o compromiso persoal, o rigor no tratamento do tema, o coidado na resolución formal, o grao de experimentación... A puntuación máxima global do apartado é 20 % (5% Deriva e 33 % Kit). Entregaranse nos prazos fixados e serán presentados e comentados ante o grupo.

3. Exposición pública dos traballos.

O alumnado fará exposición oral do proxecto Kit ante o grupo de clase. Nalgunhas ocasións os traballos realizados expóñense (mostra artística) tamén no espazo público. Puntuación máxima global: 2,5 %.



A continuación sinálanse os compoñentes a avaliar na unidade didáctica deseñada, os criterios de avaliación, os instrumentos e o peso cuantificado de cada un deles na valoración final.

Compoñentes	Criterios	Técnicas e instrumentos Dúbidas	Peso
	Participación activa e con interese na aula ordinaria e no campus virtual Boa disposición para aprender	Observación Anotacións da docente Rexistro no campus virtual	2,5 %
*Para a avaliación deste apartado, os proxectos e actividades deben entregarse nos prazos fixados e deberán ser presentados e comentados ante o grupo-clase. A nota deste apartado ten en conta: 1. Acción previa: Deriva 2.Kit: -Traballo teórico -Kit -Deseño de proposta didáctica *Ao final do bloque 2 será imprescindible a entrega dunha reflexión- autoavaliación individual que recollerá información sobre esta UD	Entrega e presentación no prazo fixado Compromiso persoal Rigor no tratamento do tema (fundamentación teórica, busca de referentes artísticos...) Comprensión crítica Calidade e coidado da resolución formal (coherencia e adecuación dos procedementos técnicos e materiais empregados, boa articulación co contexto) Grao de experimentación (Procura de solucións diferentes que fuxan do obvio) A participación equilibrada en esforzo e traballo dentro dos equipos de traballo e a boa planificación das tarefas en grupo.	Informes de accións previas Traballo final Observación Anotacións da docente Reunións de seguimento	20 % UD
Exposición pública de traballos ante o grupo (no espazo da clase ou fóra)	Capacidade de síntese. Recolle todos os aspectos do proceso de creación (motivacións, intencións, decisións, proceso, resultados...) Claridade e coidado formal na	Observación Anotacións da docente Observacións dos compañeiros e compañeiras.	2,5 %

### Recomendacións de cara á avaliación

O traballo nesta materia, e concretamente nesta UD, comporta un grande esforzo de reflexión persoal e colectiva sobre o contexto urbano, o fenómeno artístico, a educación artística e a profesión do/a docente na etapa de Educación Primaria. Esta reflexión, proposta dende a práctica artística, entraña certas dificultades provocadas

polos preconceitos e o descoñecemento do alumnado sobre o que o proceso creativo supón, por iso resulta imprescindible unha actitude aberta ante a materia.

Os principais problemas que atopa o alumnado para a superación da materia derivan de non entender o gran compromiso que ela demanda a moitos niveis: asistencia, participación, autonomía, iniciativa, reflexión, experimentación, busca...

Na unidade didáctica deseñada, a dificultade para afastarse do imaxinario oficial sobre a cidade será a principal dificultade que superar ademais das dificultades no dominio produtivo.

### **Convocatoria de xullo**

Para a recuperación da materia presentaranse de novo os proxectos non superados, tendo en conta as observacións para a súa mellora, ampliación ou repetición, realizadas no transcurso das entrevistas e reflexións compartidas sobre os mesmos.

### **Alumnado con exención oficial de docencia ou dispensa de asistencia:**

A USC, como Universidade presencial, determina que a asistencia ás clases é obrigatoria. En certos casos recollidos na normativa da Facultade, o alumnado poderá solicitar exención oficial de docencia expositiva ou dispensa de asistencia. O alumnado que teña concedida a exención oficial de docencia ou dispensa deberá poñerse en contacto coa docente á maior brevidade posible e entregar unha copia da concesión. Nalgúns casos, poderase establecer un plan de traballo e seguimento persoal, acorde coas circunstancias específicas de cada alumno/a, sempre que se respecten e garantan os mesmos principios de equidade na avaliación e de igualdade de oportunidades para todo o alumnado da materia.

En concreto para esta UD, tanto a acción de Deriva como a proposta de Kit poderá realizarse individualmente. O resto de contido traballado en clase, seguirase a partir da aula virtual e deberá complementarse con pequenas actividades de intervención no foro da materia co fin de acadar os mesmos obxectivos que o alumnado que cursa a materia de xeito presencial. O alumnado deberá facer un seguimento activo da materia mediante as titorías e a plataforma virtual para un desenvolvemento axeitado dela. Como norma xeral, deberá respectar as datas establecidas para a entrega e exposición de traballos (só se fose posible, farase a través da plataforma virtual ou doutros medios físicos). O sistema de avaliación da materia será o mesmo que o seguido co alumnado asistente. Este alumnado poderá obter a máxima nota.

**BIBLIOGRAFÍA**

---

**Xeral:**

- ACASO LÓPEZ-BOSCH, M. e MEGÍAS, C. (2017). Art Thinking. Cómo el arte puede transformar la educación. Barcelona, Paidós Educación
- ACASO LÓPEZ-BOSCH, M. [et al.] (2011), Didáctica de las artes y la cultura visual, Tres Cantos, Akal
- BLANCO, V. e CIDRÁS, S. (2019). Educar a través da arte. Cara unha escola imaxinada. Pontevedra: Kalandraka.
- EFLAND, A. D., FREEDMAN, K. e STUHR, P. (2003). La educación en el arte posmoderno. Barcelona, Paidós.
- EISNER, E. W. (2012), Educar la visión artística, Barcelona, Paidós.

**Específica da unidade didáctica**

- ACASO LÓPEZ-BOSCH, M.,(2018) Pedagogías invisibles: el espacio del aula como discurso. Madrid: Los Libros de la Catarata, D.L.
- AGRELO, E. e CORTIZAS, O. (2019), Representaciones de Santiago de Compostela en la literatura infantil gallega del siglo XXI. Un camino de lecturas textuales y visuales. En: Mejón, A., Conte, D. y Zahedi, F. Congreso Internacional Interdisciplinar: La ciudad: imágenes e imaginarios. Madrid: Universidad Carlos III de Madrid, pp. 478-485
- AUGÉ, M. (1998) El viaje imposible: el turismo y sus imágenes. Barcelona: Gedisa
- BERGER, J. (2010) Modos de ver. Barcelona, Gustavo Gili
- CARERI, F. (2002) El andar como práctica estética. Barcelona: Gustavo Gili
- LALATA: revista ensamblada. (2001) Ed. Carmen García Palacios y Manuela Martínez Romero (lalata.es)
- LA MÁS BELLA. Proyectos de Acción y Experimentación Editorial (1993). Ed. Pepe Murciego y Diego Ortiz. (lasmabella.es)
- MEGÍAS, C. (2017) Los EDUkits de la Escuela de Educación Disruptiva. Manual de autoedición para docentes inquietos. Madrid: Fundación Telefónica
- PALACIOS, A. (2006) Educación artística y ambiental: un estudio del caso británico a través del proyecto “art and the built environment”. En: Arte, Individuo y Sociedad. vol.18, pp.57-76
- PEREC, G. (1999) Especies de espacios. Barcelona: Montesinos
- PETIT-LAURENT, C. A. e BARGUEÑO, E.(2016) Lo útil, lo inútil y la utilidad de lo inútil. El souvenir como objeto marginal entre Arte y Diseño. En: Arte, Individuo y Sociedad. 29 (1), pp.153-166
- SANTOMIL, D. (2010) Un paseo por las tiendas de souvenirs.[en liña]. Consultado en: e-archivo.uc3m.es
- SMITH, K. (2016) La sociedad errante. Paidós Ibérica
- (2019) Cómo ser un explorador del mundo. Paidós Ibérica
- TONUCCI, F. (2016) A cidade dos nenos. Pontevedra: Kalandraka. Biblioteca de pedagogía.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA